



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.04.2021 ata o 16.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

A Federación de Redeiras Artesás “O Peirao” vai desenvolver un proxecto consistente na elaboración dun conto en galego e ilustrado titulado “Xela, a redeira” no que se dea a coñecer a actividade da redeira como parte fundamental das actividades do mar, dando a coñecer dun xeito ameno a súa orixe e identidade e poder transmitilo á sociedade en xeral e a mocidade en particular.

Este traballo abranguerá todas as fases do circuío literario, comprendendo dende os aspectos creativos, de redacción do conto e deseño das ilustracións ata chegar a de difusión tanto en medios físicos como “on line”, pasando pola fase industrial de rexistro da propiedade intelectual, de maquetación, impresión dos exemplares e a súa distribución.





Para o desenvolvemento deste proxecto contase coa participación de todos os membros da Federación, así como daquelas persoas que se atopan ligadas á propia federación e ao asociacionismo en xeral.

Os obxectivos buscados con esta actividade son os de promover a actividade de redeira para fomentar o relevo xeracional, achegar esta actividade á sociedade en xeral é a mocidade en particular, visibilizando o seu traballo no ámbito do mar e amosando a súa importancia no sector, o que redundará na dignificación deste colectivo e o fomento do interese da sociedade polas zonas costeiras abrindo novos nichos de negocio para a diversificación de traballos e complementos de renda con actividades como pode ser a do turismo mariñeiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

